


Revista O balcón do Val Miñor

REVISTA ESCOLAR CURSO 2011-2012



C.E.I.P BELESAR- BAIONA

EQUIPO DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA

EQUIPO TIC

O MAGOSTO EN BELESAR.

DESPOIS DE MOITO ESPERAR A UN DÍA SEN CHUVÍA, ESTE CURSO CELEBRAMOS O MAGOSTO NO CENTRO. TIVEMOS UNS AXUDANTES MOI ESPECIAIS QUE ASARON AS CASTAÑAS MOI BEN. GRAZAS AOS MANOLOS E A EDUARDO E AS FAMILIAS POR TAN RICAS CASTAÑAS. AQUÍ TEDES UNHA MOSTRA DO NOSO MAGOSTO PARTICULAR SEN EXCURSIÓN POR MOTIVO DO MAL TEMPO. GRAZAS AO CONCELLO POLAS ASADERAS.



Ed Infantil 5 anos

O SAMAIN



Este ano o Samain foi un día sin fin.

Houbo con curuxas que no recreo xogaban as buxas.

Houbo espeluznantes e andantes.

As asustaban e os nenos moito gritaban.

Os nos mordían e os ratos foxían.

A comida era bestial e os cocinaban venial.

O oculto está e na escuridade te agardará.

O Samain está a rematar e os vanse marchar.

laura D - Paula - laura C -

4º



UN NADAL CHEO DE CORES E DE MOITA MAXIA!!!

Este Nadal no cole foi moi divertido. O festival contou con actuacións moi variadas: os máis pequerrechos (educación infantil) decidiron levar ó Portal de Belén todas as cores que conteñen as paletas dos pintores (vermello, azul, amarelo, verde, laranxa, lila, branco...) e así decidiron darlle unha nova imaxe o tan desgastado Portal con moito encanto e saleiro.



1º ciclo de primaria tróuxonos a maxia dos contos populares cunha actuación na que princesas, cazadores, enaniños e demais personaxes mesturáronse nunha historia común.



2º ciclo convertiu o escenario nunha animada pista de baile e deleitáronnos cunha fabulosa actuación con diversos instrumentos musicais.



E 3º ciclo sorprendeunos cunha movida coreografía rapeira e unha panxoliña acompañada pola música dunha guitarra española.



E como non, tamén tivemos actuación de gaitas e a visita do tan esperado polos peques Papá Noel que veu cheo de agasallos para todos.



Para finalizar, grazas o proxecto comenius no que estamos inmersos, intercambiamos felicitacións de Nadal con outros rapaces de outros coles do mundo: Croacia, Polonia, Rumania, Turquía, Francia, Italia e Eslovaquia. Foi unha experiencia única e moi gratificante.





*COMO NOS
GUSTA O
NADAL!!!!!!*

Educación Infantil 4 Anos

ENTRADO

Todo comezou un día no que as cores quixeron expresarse. Como non podía ser doutra maneira , viñeron a Belesar onde habitan os artistas. Os máis cativos, os que aínda gardan a súa maxia decidiron tinxir o mundo de cores diferentes. De cores que falen de ledicia, da tenrura que ten una man amiga, dos momentos en familia, das risas, da axuda e de todas as cousas que nos provocan emocións. Comezaron pola seus compañeiros, polas súas casas, polo seu cole



Pero despois de todo ese tempo se deron conta que había recunchos que non se podía tinxir. Había zonas da terra onde a ledicia e amor non quería aposentar ...Que pasaba? Estarían estropeadas as pinturas? Acabaríase a maxia das



súas mans? Cando o corazón non atopa respostas, a mente comeza a funcionar así que decidiron reunir aos científicos para que investiguen e atopen o problema e busquen unha solución. Chamaron

entón ao grupo das cabezas pensantes para ver se atopaban unha solución.

Pois a esas chegaron despois de pensar e pensar, e descubriron que a terra ten sobrepeso e está cansa. Pero terá anemia? Terá que saír a correr?. Non o que precisa é unha limpeza de todo o que ten.

Está cansa de ter tantas cousas que non se precisan, de soportar tanto lixo sen reciclar. Cansou de que se merquen cousas que no se precisan, de que no se comparta. E como o podemos arranxar?

Pois haberá que facer unha limpeza e reorganizar un pouco a terra. Para iso chamaron aos varredores para que ordenen un pouco todo isto e para que poñan nos colectores de lixo o que se pode reciclar.

Despois desta limpeza todo reluce un pouco máis, as cores volven a brilar.

Pero a terra aínda ten moito peso. Unha dieta teremos que marcar! Iso é porque non paramos de mercar. Teremos que reutilizar un pouco máis para poder liberar de peso a terra. E optimizar o que no planeta hai. Pois para reutilizar quen mellor que os chatarreiros que recollen o que xa non imos a usar.

Pois que recollan as tristezas, as miserias e aos que non saben estar, que se leven as inxustizas, os

recortes, as mentiras e que deixen a paz. Que nos deixen a ledicia, a amizade, a festa do Entroido e a Don Carnal. Que nos envolva a risa, a troula a ledicia, esquecendo todo o mal.



Educación Infantil 3 Anos



Día do libro



Para celebrar o día do libro fixemos:

UNHA BUSQUEDA DE TESOURO POR GRUPOS !!!!!

Explicamos as normas e fixemos os grupos.



Repartimos as pistas e comezou a búsqueda.



Unha pista leváballes á biblioteca e alí atopaban a seguinte.



As pistas dábanlles letras para compoñer unha palabra.



O tesouro estaba relacionado con esta palabra.



Os gañadores foron o grupo dos corazóns de cor carne.



Os agasallos foron para todos os participantes: libros para cada aula e moedas de chocolate e marcapáxinas para todos os nenos/as.



PASÁMOLO MOI BEN !!!!!

María 1º EP

O DÍA MUNDIAL DO CONSUMIDOR

Todo comezou cando o presidente de E.E.U.U : John F. Kennedy, deu un discurso sobre os dereitos dos consumidores.Desde entón festexase o día do consumidor.O lema de este ano é :

“Os nosos cartos,os nosos dereitos.”

Nós, no cole, fixemos un mural no que puxemos :



“É un consumidor responsable?”

O que...

-Merca só o que precisa.

-Aforra enerxía.

-Coida o medio ambiente e recicla.

-Comproba as etiquetas e as datas de caducidade.”

Tamén lemos un conto: “Os monos bubuanos.”O conto ía duns monos que sempre levaban postas unhas pulseiras. Un día, un macaco que se chamaba Mambo vendeu unhas pulseiras moi brillantes e moi bonitas.Pero valían máis



do normal, valéronlle todos os plátanos que tiñan.Todos compraron unha menos Nico.O día seguinte Nico estaba collendo uns plátanos pero os demais non podían porque as pulseiras pesaban moito.Ese día Nico comprara unha caixa de ferramentas moi barata pero el non sabía o que era.Cando o adiviñou quitoulle as pulseira aos seus amigos.Esta historia quere dicir que porque as cousas sexan máis caras non teñen por que ser mellores.

SARA de 3º

O Día do Deporte

Foi o 31 de maio. Ese día fixemos xogos tradicionais de Irlanda para despedir a Emma, xa que foi o seu último día no cole. Ela é irlandesa e veu ao cole desde outubro ata finais de maio.

Fixemos 9 xogos tradicionais. Xogamos ás carreiras de rascos, saltamos a comba, fixemos a carretilla.

Intentamos levar a pelota encima dunha culler sen caer, levar a un compañeiro no teu lombo que é carreira de cabalos, carreiras dando saltines para ver quen chega máis lonxe. Tamén xogamos ao limpo que é un xogo no que tes que pasar por debaixo da comba, agachándose cada vez máis. Despois reunímonos todos no patio de dentro para despedir a Emma. Ao final deunos caramelos.

Lucía 3º Foi moi divertido. Paseino moi ben!
A ~~Alba~~ 3º

~~Alex~~ Nerea 3º

Yasmeng

EMMA



OS MAIOS

O mércores 16 de maio festejamos os maios no "cole" de Beberaz.

Fizemos colares de flores, pulseiras de flores e coroa.

Despois de facer as pulseiras, coroa... sacamos fotos ao carón do maio, que estaba feito de cascas de ovos, laranxa, flores e de fiuncho.

Gustoume moito facer os maios cos meus amigos. Eu penso que non debemos deixar de festejar os maios. Se seguimos así o ano que ven será incluso mellor.

Sara 3^o.





O MUSEO ANDRADE

• Este ano, como todos no mes de maio celébrase o...

DIA DAS LETRAS GALEGAS adicado algún escritor ou defensor do galego. Este ano celébrase en conmemoración ao arogado, xurista, empresario e defensor do galego **VALENTÍN PAZ ANDRADE**.



VALENTÍN un gran defensor do galego tivo moitos conflitos coa xente que non quería o galego. No seu pobo fixéronlle un museo chamado "**ANDRADE**" onde se mostra a súa vida laboral como directivo en **Pescanova**, ademais das súas grandes obras literarias.



MUSEO BELEARTE

Este curso os nenos e nenas de infantil levamos a cabo un proxecto común de arte.

Cada aula elixiu un pintor famoso e dedicámonos en corpo e alma a investigar cousas sobre él: onde naceu, cómo foi a súa vida, cal foi a súa obra e cales as características da mesma... A aula de 3 anos elixiu a Joan Miró e puxéronse de nome "os Miró", a aula de 4 anos elixiu a Vincent Van Gogh e puxéronse de nome "os Van Gogh" e a aula de 5 anos elixiu a Pablo Picasso e puxéronse de nome "os Picassos".



Foi unha labor moi intensa pero super divertida e aprendimos un montón de cousas.



E tanto nos empezou a gustar o da pintura que invitamos a unha fantástica pintora que vive en Belesar e acedeu a facer un obradoiro con nós. Pasámolo en grande...

Tamén fixemos obradoiros moi divertidos e engorrosos ó longo do curso, algúns por aulas





e outros en gran grupo...



Estivemos completamente inmersos no proxecto. Tanto foi así que as dúas actuacións das festas de nadal e entroido foron adicadas ó arte...



Chegamos ata expoñer as nosas obras no Mercado do arte de Sabarís...



As familias tamén estiveron plenamente involucradas no proxecto e mesmo chegaron a realizar un libro de arte entre todos que quedou fantástico...



Para concluir o proxecto decidimos facer un museo no cole con todas as nosas obras de arte e chamámolo: Museo de Belearte. Quedounos chulísimos e encantounos que todos e todas o viñerades a visitar!.



Sala Van Gogh



Sala Miró



Sala Irene Silva



Sala das Técnicas Plásticas



Sala das Pinturas Rupestres

Foi un curso moi intenso pero mereceu a pena. Grazas a todos e todas pola vosa colaboración...



Sala Picasso



Ed Infantil



FUNDACIÓN MAPFRE

O mércores 6 de xuño fomos os cursos de 4º, 5º e 6º ao parque da Palma a unhas xornadas de seguridade vial patrocinadas pola "Fundación Mapfre".

Primeiro déronnos unha charla sobre como tiñamos que circular e explicáronnos o que significan os sinais de tráfico. Logo dividíronnos en grupos de seis e montamos nuns karts e conducimos por un circuíto de semáforos e sinais, mentres o outro grupo facía unha ficha de calificación do noso nivel de condución e outros facían de peatóns.

Máis tarde a concelleira de educación entregounos uns diplomas onde quedaba reflectido os bos condutores que somos.

Finalmente fomos ao parque a merendar e a xogar. Todos pasámolo moi ben e divertímonos moito.

De: Rosalía, Alba, Jerónimo e Sandra 5º



Excursión ao Encoro de Baiña, á depuradora e ao punto limpo


O mércores 6 de xuño fomos de excursión ao Encoro de Baiña, á depuradora e ao punto limpo. Primeiro fomos ó embalse de Baiña. Un señor chamado Ramón explicounos que o encoro estaba cheo e que se chovera máis uns buracos botarían a auga que sobrase ao río. Tamén nos díxo que tiña 700.000 m³.

Máis tarde estivemos na depuradora de Baiña e vimos como a auga pasaba de ser sucia a ser limpa. Pasaba polos procesos de decantación e demáis. Logo Ramón ensinounos o panel de control onde controlaba todo o que ocurría nela.



Logo marchamos ao punto limpo. Alí ensináronnos uns contedores que contiñan distintos materiais como madeira e metáis. Un camión transportaba os contedores a lugares que reciclaban os materiais. Tamén reciclaban o aceite, materiais electrónicos e pilas.

Por último fomos a depuradora de Baiona. Era parecida á de Baiña so que máis grande. Había dous piscinas unha con auga sucia e mais adiante outra con auga limpa. Tamén coma a depuradora de Baiña tiña uns paneis onde controlaba a depuradora e podía por en marcha as máquinas ou apagalas.



¡Aos tres encantounos a excursión!

Por: Jaime, Kevin e Martín.

SALVATERRA

O martes 5 de xuño os alumnos/as de Belesar visitamos o Parque da Canuda en Salvaterra de Miño.

Está situado preto do Rio Miño. Tardamos media hora en chegar. Estivemos dende as 9 e media da mañá ata as 5 da tarde.

Paseamos polo parque. Visitamos o Xardín Botánico onde había xaulas de aves e estanques con parrulos.



Na zona de picnic tivemos que tomar a parba, xantar e tomar o postre.

Tamén xogamos no parque infantil.

A excursión foi moi divertida, pasámolo moi ben e aprendemos moitas cousas.

Espero repetir saídas como esta, pois gustoume moito.





Parque da
Canuda
Lucas 5º

TITORÍAS





